



## Normas para persoas participantes nas actividades de Noites Abertas 2021 a través de plataforma ZOOM

### 1. SEN INSCRICIÓN PREVIA

As actividades non requiren de inscrición. Podes acceder directamente á actividade que sexa do teu interese dende a páxina web [www.noitesabertas.gal](http://www.noitesabertas.gal) premendo no recadro correspondente. Por favor revisa se cumpres cos requisitos anunciados antes de iniciar a plataforma.

### 2. COMPROMISO COA PRAZA ASIGNADA

As prazas son limitadas polo que vos **PEDIMOS total COMPROMISO** coa asistencia durante toda a actividade. Por favor, non ocupes unha praza se non podes atender á duración completa da actividade.

### 3. PUNTUALIDADE

Todas as actividades comezan á hora programada polo tanto as persoas participantes deberán conectarse á plataforma ZOOM con 5 minutos de antelación. É obrigatorio identificarse co teu nome real e ter a cámara web sempre accesa.

### 4. ACCESO DE PARTICIPANTES

O acceso de persoas participantes ás actividades online estará regulado por unha persoa CONTROLADORA do acceso. A CONTROLADORA fará cumprir rigorosamente o límite de prazas e revisara que as idades das persoas participantes correspondan ás propias de cada actividade.

### 5. ACTIVIDADES ON LINE

Para participar nas actividades on line deberás estar familiarizada/o e ter un dominio nivel básico da plataforma Zoom (conectarse, configurar o micro e a webcam, etc) que garanta o correcto desenvolvemento da actividade. Terás que contar cunha cámara web que permita identificarte polo persoal de Noites Abertas.

### 6. MATERIAIS COMO REQUISITO

Actualmente non podemos compartir material como se viña facendo Noites Abertas ata o ano pasado polo que comproba os requisitos do espazo e de material que deberás ter no momento de acceder á actividade e que a CONTROLADORA confirmará contigo.

Algunhas actividades requiren que teñas certo material para poder realizalas, trátase en todo caso de materiais sinxelos e fáciles de conseguir. Tamén pode tratarse simplemente dos requisitos mínimos que deberá ter o espazo.

## **7. ACTIVIDADES EXTERIORES**

A finais de abril agardamos poder incluír unha segunda fase do programa cunha oferta de actividades seguras que se poderán realizar en espazos ao aire libre, se a situación sanitaria o permite nese momento.

## **8. AVALIACIÓN**

Co obxecto de mellorar o programa e de incorporar cambios onde se precisen para as seguintes fins de semana, pedirase a algunhas ás persoas participantes que realicen enquisas de satisfacción unha vez finalizada a actividade, e que recibirán por correo electrónico.